

[Encontros (Inter)Sectoriais da Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP]

Xeramos e Maduramos Proxectos e Procesos de Intercooperación

Programa Itinerario de Intercooperación 2022

[Actividade realizada no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social - POISES- e da REDE EUSUMO]

DATAS REALIZACIÓN	1º Encontro : Xoves 06 de Outubro de 2022 2º Encontro : Mércores 19 de Outubro de 2022	DURACIÓN	1º Encontro 4 h. 2º Encontro 2 h.
HORARIO	1ª Encontro : 09:30 - 13:30 horas 2º Encontro : 09:30 - 11:30 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	1º Encontro : Centro Sociocultural O Castiñeiríño – Santiago de Compostela (Rúa Virxe de Fátima, 2) 2º Encontro : Virtual a través da plataforma Zoom		
PERSOA DE CONTACTO	Ramón Carmelo Rodríguez Padín Técnico da Unión de Cooperativas EspazoCoop	TELÉFONO	687 324 784
		E-MAIL	ramon@espazo.coop

FINALIDADE E OBXECTIVOS

Xerar, madurar e acompañar proxectos e/ou procesos de intercooperación entre cooperativas no ámbito (inter)sectorial (de forma preferente, consultoría; tic; cultura; coopworking; etc.).
Continuar a consolidar espazos de coñecemento mutuo e promoción de potenciais necesidades e accións de cooperación entre as cooperativas e persoas participantes.
Divulgar ferramentas e boas prácticas que favorezan ditos proxectos e/ou procesos de intercooperación entre as cooperativas participantes.

PROGRAMA - CONTIDOS

1º Encontro :

09:30 h. Benvida e presentación das persoas e cooperativas participantes.
09:45 h. Presentación do Encontro e doutros programas , actividades e convocatorias de interese potencial para as cooperativas participantes
10:00 h. Dinámica de Networking , coñecemento mutuo e intercambio de experiencias.
11:00 h. Dinámica de traballo para concretar e madurar procesos-proxectos de intercooperación a nivel (inter)sectorial para 2022 : Posíbeis propostas:

- Sectorial Consultoría : Consolidación da sectorial (proposta de valor; obxectivos ; mellora organizativa).
- Consultoría – Marca ExpertCoop : Ferramentas Comunicación / Novas incorporacións.
- Sectorial TIC : Consolidación (proposta de valor; obxectivos; organización; etc.).
- Sectorial Cultura : Xestión de servizos culturais.
- Espazos Coworking para a Economía Social.
- Rede de Titoras / Mentorras de Entidades de Economía Social.
- Plataformas de comercialización / Distribución de produtos ecolóxicos

13:30 h Remate do Encontro.

2º Encontro :

09:30 h .- Resumo do traballo realizado no 1º Encontro
09:45 h.- Continuidade da dinámica de traballo para concretar e madurar procesos-proxectos de intercooperación a nivel (inter)sectorial para 2022
11:00 h.- Conclusións do Encontro
11:30 h.- Remate do Encontro

METODOLOXÍA

Os Encontros Telemáticos desenvolveranse cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes. Utilízanse medios audiovisuais (presentación, vídeos, enlaces webs, etc.) e realízanse actividades dinámicas de reflexión e debate, promovendo a implementación das aprendizaxes e experiencias vivenciadas na sesión.
Nestes Encontros ademais abrírase un espazo para crear grupos de traballo e desenvolver plenarios, vinculados aos proxectos a madurar e tirar conclusións que poidan ser de utilidade para a consecución dos obxectivos do Programa.
Dinamizará os Encontros a equipa técnica da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

DIRIXIDO A

De forma preferente, cooperativas socias de Espazocoop vinculadas ás sectoriais propostas. Tamén, a cooperativas socias de ESPAZOCOOP doutros sectores de actividade interesadas en proxectos de intercooperación de natureza interesectorial.

Esta actividade enmárcase:

- na Programación 2022 da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social do Goberno de España.
- no Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (POISES) 2014-2020 OT8: conseguir formación e emprego de calidade, convocado por Cepes e financiado polo FSE.